




Dende o curso 2003- 2004 o Departamento de Educación organiza o programa de educación afectivo sexual dirixido aos centros escolares de Santiago con alumnado de Educación Secundaria Obligatoria. Uns 1.590 alumnos/as de 2º, 3º e 4º da ESO participan cada curso escolar.

No transcurso deste anos foron moitos os centros que se foron engadindo ao programa pois a concienciación non só do profesorado senon tamén das familias e dos propios xóvenes sobre a importancia dunha boa información sexual é cada vez máis alta. Nestas sesións inclúense contidos como:

- Mitos sobre a sexualidade
- Coñecemento do corpo
- Métodos anticonceptivos
- Enfermedades de transmisión sexual
- Desenvolvemento afectivo sexual na adolescencia
- Introducción na reflexión sobre a igualdade de xénero.



**sexibilízate**

**Cómo?**

- En horas lectivas
- con dinámicas **participativas**
- desde a perspectiva de xénero
- facendo **pensar e reflexionar**
- resolvendo **dúbidas**

**Obxectivos:**

- ✍ Dotar ós/ás xoves dun concepto integral de sexualidade de cara a unha aceptación positiva de si mesmos e do seu contorno.
- ✍ Ofrecer unha información clara e directa para os mozos e mozas de secundaria para desmitificar as falsas crezas, mitos e tabús. E a prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.
- ✍ Abordar o tratamento da EAS dende unha perspectiva de xénero.
- ✍ Desenvolver unha reflexión no plano afectivo que permita aos destinatarios do programa mellorar a súa percepción da afectividade.
- ✍ Incidir nas condutas de protección e saúde na vivencialización positiva da sexualidade.
- ✍ Coordinación cos diferentes programas e dispositivos que actualmente se están a poñer en funcionamento no concello de Sanitago.

Este programa ten outro valor engadido e é que a diferenza doutras propostas que poden ter o carácter de asistencia voluntaria por realizarse en horario extraescolar, éste desenvólvese en horario lectivo o que supón que todos os alumnos/as reciben esta formación sen excepción.

Como en anos anteriores o programa vai mellorando e ampliando a súa oferta, abrindo a outros ámbitos e outras accións a súa oferta.

**LIÑA 1 | OBRADOIROS EN IES**

**LIÑA 2 | CURSO DE EAS PARA PROFESORADO**

**LIÑA 3 | VISITAS ORGANIZADAS AO CENTRO DE ASESORAMENTO "QUEROTE".**

**LIÑA 4 | XORNADAS TÉCNICAS EAS\_peche do programa**

# sexibilízate

## Qué facemos no 2010?

- Traballo nas **AULAS**
- Traballo cos **EQUIPOS DE DIRECCIÓN** dos IES
- Presentación do programa as **ANPAS**
- Elaboración de **MATERIAL AUDIOVISUAL** co alumnado
- Creación dunha **GUÍA DIDACTICA**
- Xornada Formativa para **PROFESORADO**

## LIÑA 1 | OBRADOIROS EN INSTITUTOS E CENTROS ESCOLARES

**Obradoiros intracurriculares de educación afectivo-sexual** para alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, segundo os intereses e as necesidades detectadas desde o centro educativo.

- ↳ Obradoiros intracurriculares (4h.)\_ 2 sesións\_
- ↳ ITINERARIO: en función dos cursos abarcados ou integración en programas do centro adáptase a proposta didáctica.

**Destinatarios:** 1500 alumnas e alumnos (aprox.)

**Grupos clase:** 50

**Centros participantes:**

IES XELMIREZ I  
IES XELMIREZ II  
IES SAR  
IES PONTEPEDRIÑA  
IES COMPOSTELA  
IES EDUARDO PONDAL  
IES LA SALLE  
C. NOSA SRA DOS REMEDIOS  
IES ANTÓN FRAGUAS

## LIÑA 2 | CURSO DE EAS PARA PROFESORADO

- ↳ **Destinatarios:** profesorado de Santiago e Comarca

### OBXECTIVOS

- ? Optimizar a formación do profesorado de cara a unha práctica docente máis efectiva.
- ? Potenciar a visión afectiva da sexualidade.
- ? Reflexionar sobre as vivencializacións da propia sexualidade.
- ? Favorece-la valoración crítica de diferentes estereotipos de xénero.
- ? Ser conscientes de que a sexualidade ten que ver con todas as dimensións da persoa.
- ? Entender a sexualidade como un aspecto fundamental na conducta humana, sen tabús nin complexos.
- ? Favorecer un maior coñecemento das distintas dimensións da sexualidade como fundamento para unha vivencia da mesma segura, saudable e responsable.
- ? Coñecer técnicas e recursos que axuden a inculcar no alumnado unhas actitudes máis respectuosas na vivencialización da nosa propia sexualidade.
- ? Desenvolver o sistema sexo-xénero, de xeito que permita activar unhas relacións de xénero máis igualitarias dentro da escola.

## CONTIDOS

- ? Conceptos básicos.
- ? Desenvolvemento psicosexual. Puberdade e adolescencia. Aspectos biolóxicos e psicosociais.
- ? As orientacións sexuais.
- ? Os órganos xenitais masculinos e femininos.
- ? Análise e clasificación dos métodos anticonceptivos.
- ? Prevención das enfermidades de transmisión sexual (ETS) O VIH-SIDA, viroloxía, vías de transmisión, medidas de prevención dentro da educación afectivo sexual, SIDA social.
- ? Influencia das actitudes na educación afectivo sexual ( EAS).
- ? Sistema sexo-xénero ( estratexias de educación na igualdade e EAS).
- ? A diversificación metodolóxica como marco de intervención na educación afectivo sexual ( EAS ).
- ? Liñas básicas no deseño e elaboración de materiais didácticos adaptados á aula.

## LIÑA 3 | VISITAS ORGANIZADAS AO CENTRO DE ASESORAMENTO “QUEROTE”

Aproveitando a existencia do centro QUEROTE de asesoramento afectivo sexual para a mocidade da Xunta de Galicia en Santiago, propónse a realización dun calendario de visitas organizadas ao mesmo e ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia.

- ↳ **Destinatarios:** alumnado participante dos diferentes centros escolares participantes.
- ↳ **Duración da visita:** 2 h
- ↳ **Lugar:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia. Pz. Do Matadoiro, Santiago.

O Centro Quérote é un espazo no que a xuventude pode falar e recibir apoio e axuda en liberdade e sen prexuízos. Este proxecto pretende que as mozas e mozos teñan o máximo de ferramentas para acceder á información que precisan, unha información de calidade que possibilite que a xuventude galega poida gozar plena e saudablemente da súa sexualidade, entendida esta coma un dereito de todas as persoas. Algúns dos servizos que ofrece o Centro Quérote son: asesoramento sobre sexualidade e afectividade, información sobre métodos anticonceptivos, en especial sobre o uso do preservativo como único método capaz de previr das enfermidades de transmisión sexual, distribución gratuita de preservativos, información sobre enfermidades de transmisión sexual, información e prescrición de anticoncepción de emerxencia, test de embarazo e asesoramento sobre embarazos non desexados.

## **LIÑA 4 | XORNADAS TÉCNICAS EAS\_peche do programa** **“A promoción da EAS nos centros educativos”**

Despois de cinco anos de implantación no Concello de Santiago do Programa de SEXIBILIZATE nos centros educativos de educación secundaria do municipio valórase a necesidade de deterse a reflexionar con todos os membros da comunidade educativa sobre o seu alcance e cumprimento de obxectivos, así como das súas propias metodoloxías e a necesidade de introducir novas accións complementarias de carácter preventivo que favorezan unha acción educativa global na familia e na comunidade. Para contribuír a esta reflexión e enriquecer o debate sempre é positivo aprender de experiencias e accións innovadoras que se están desenvolvendo noutros contextos.

### **Obxectivos:**

- Potenciar o coñecemento de experiencias galegas e doutras comunidades autónomas como exemplos de boas prácticas.
- Reflexionar en común con outros axentes para a mellora do programa de educación afectivo xesual no concello de Santiago.
- Visualizar o programa de eas a toda a comunidade de Santiago.
- Crear un documento de conclusións que oriente as novas accións do programa para o futuro.

### **Metodoloxías:**

- Relatorios e mesas redondas.
- Acto de peche do programa.

## **LIÑA 5 Material didáctico do programa**

